

"SANTIAGO STREET BATTLES"

Campionato Galego de Breakdance

**SÁBADO 3
DE NOVIEMBRO
16:00 H.**

**CENTRO COMERCIAL
ÁREA CENTRAL
(SANTIAGO DE COMPOSTELA)**

CAMPEONATO DE BREAKDANCE



**SANTIAGO
STREET
BATTLES**

MODALIDADE: 1 VS 1

KUÍCES: NIKO (PONTEVEDRA) - GESEX (PORRIÑO) - CHUKY (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

DJ: DJ CRO (SANTIAGO DE COMPOSTELA) / SPEAKER: MAD NESS (VIGO)

www.vellaescola.com

vella escola

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

area central



PRESENTACIÓN DO PROMOTOR



Vella Escola é unha asociación que traballa no eido do ocio e o tempo libre en Galicia, e que procura, a través da xestión e implementación de proxectos sociais e culturais, promover condutas saudables de ocupación do tempo libre na xuventude.

O obxecto fundamental de Vella Escola é promover e difundir en Galicia as manifestacións culturais e artísticas que nacen no medio urbano, como resultado das novas necesidades de ocio e expresión da xuventude actual.

"Un dos principais obxectivos que temos é ofrecer ao colectivo xuvenil a posibilidade de participar activa e socialmente en diferentes proxectos que favorezan o seu desenvolvemento integral mediante; a formación e expresión artística, o ocio activo e a integración social como principais liñas de actuación a través da Cultura Urbana". (Pablo Castiñeira – O Presidente)

Podedes obter máis información acerca desta asociación a través da súa páxina web, www.vellaescola.com.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DO PROXETO

Nome do evento:	"SANTIAGO STREET BATTLES" (Campionato de Breakdance)
Data:	Sábado 3 de Novembro
Lugar:	Centro comercial Área Central (Santiago de Compostela)
Hora:	16:00 h.
Modalidade:	1vs1
Xuíces:	Niko (Pontevedra) Gesex (Porriño) Chuky (Santiago de Compostela)
Dj:	Dj Cro (Santiago de Compostela)
Speaker (presentador):	Mad Ness (Vigo)
Organiza:	Asociación Vella Escola
Colabora:	Concello de Santiago de Compostela Centro Comercial Área Central



XUSTIFICACIÓN

O obxectivo principal deste proxecto é presentar unha alternativa de ocio saudable acorde coas inquedanzas e intereses da xuventude actual, procurando a súa participación activa en diferentes actividades que lles aporten actitudes e aptitudes interesantes para o seu desenvolvemento integral.

Por outro lado, queremos potenciar a práctica do Breakdance en Galicia e atender a unha demanda importante existente entre a mocidade residente na nosa comunidade. Temos que engadir que na actualidade escasean eventos destas características, debido a esta situación os mozos/as practicantes desta disciplina vense obrigados/as a desprazarse a outras comunidades para poder participar en competicións de nivel (co correspondente gasto e limitacións que isto lles supón).

Conscientes desta situación temos a ben convocar a primeira edición do Campionato Galego de Breakdance "SANTIAGO STREET BATTLES". Queremos resaltar, que esta actividade está feita por e para a xuventude, xa que son os propios mozos e mozas os protagonistas da posta en marcha do proxecto.

OBXECTIVOS

- Achegar ao colectivo xuvenil novas actividades que aposten por prácticas de ocio saudables.
- Dar unha resposta creativa e de calidade ao ocio da xuventude, facéndoos a eles mesmos protagonistas e axentes principais do desenvolvemento de iniciativas como a que presentamos nesta ocasión, ofrecéndolles ao mesmo tempo un espazo que lles facilite desenvolver as súas capacidades e inquedanzas.
- Espertar na xuventude a capacidade creadora e axudalos a potenciar a súa autoestima.
- Promover entre o colectivo xuvenil valores comunitarios de respecto e solidariedade a través dunha experiencia educativa intercultural significativa, que inclúa expresións artísticas de interese para os mozos e mozas da nosa comunidade (como é o caso do Breakdance).